

Jean Dubuffet

Jean Dubuffet foi o creador do Art Brut (arte en bruto), a corrente de arte producida por non profesionais que traballan alleos as normas estéticas, libres das preocupacións intelectuais. Estamos a falar da arte de, por exemplo, os pacientes mentais, as culturas primitivas ou das nenas e nenos.

Dubuffet estudou pintura no París de 1918, aínda que abandonou intermitentemente os estudos para dedicarse ao negocio familiar de viños. De feito ata pasados os 40 anos non tivo unha exposición individual.

A súa obra pódese considerar surrealista, pero Dubuffet é un artista bastante inclasificable. Quizais si lle foi fiel á patafísica, corrente cultural paródica dedicada «ao estudo das solucións imaxinarias e as leis que regulan as excepcións».

Sempre cun toque de bo humor, a súa é unha arte irónica, moi grotesca e executada de forma inxenua.

Dubuffet traballou ante todo con óleo, pero usou moitos outros materiais como area, alcatrán e palla, conseguindo unhas texturas ata o de agora inusuais. Tamén traballou a escultura en poliestireno.

**Claro que este arte está loco
¿Qué arte no es loco?
Cuando no está loco no es
arte.**

JEAN DUBUFFET

Jean Dubuffet

Responde as seguintes preguntas:

1.- Que é o Art Brut?

2.- Que estudou Dubuffet? Nos seus comezos ademais de estudar tiña un traballo?

3.- A súa obra pódese considerar:

4.- Que é a patafísica?

Jean Dubuffet

Observación e linguaxe ao redor da reprodución do autorretrato de Dubuffet



Dicir o que ves

Que é? Como son as cores? Como son as figuras/líneas que aparecen?.

Dicir o que sentes

Como se ve esta cara? Que impresión tes do personaxe? Alegre? Triste? Preocupado? Enfermo? Canso? Que podemos imaxinarnos?